



AS CARBALLEIRAS DE ALVERDE

Era domingo e xuntámonos tres amigos para xogar un pouco á consola; estivemos toda a tarde falando. Nunha das conversacións ocorréusenos a idea de pasar toda a semana desaparecidos a ver como o tomaban os nosos pais e, sobre todo, os profesores. Fomos correndo ao noso refuxio e enchémolo de provisiones: chourizos, salchichóns... Fomos pola roupa de abrigo e o resto de aparellos precisados.

A primeira noite, Pendello, que era como lle chamabamos a Iván, empezouse a queixar de que tiña medo e que oía rúidos fóra, mentres que Bobión e eu lle dicíamos que calase.

A segunda noite separeime do grupo e fun durmir a unha palleira que tiña herba seca, na que se estaba moi comfortable. Pola mañá erguinme cedo, aínda era noite pecha, os gardas civís xa nos buscaban.

Nun camiño da carballeira atopeime con Bobi e díxome que o perseguiran e que colleran a Pendello. Díxenlle se quería agacharse durante o día comigo. Estivemos agachados detrás dunha touza de toxos, xestas e codesos e escoitando o ruxir dos Landrovers e os berros da xente que nos andaba a buscar. Ás 12 da noite fíxose o silencio e saímos cara o refuxio para comer algo. Comemos todo o que puidemos e fomos beber a unha fonte.

Ao descansar un pouco decidimos separarnos un para un lado e outro para o outro.

Eu púxenme en pé e dirixinme á palleira do día anterior. Ao chegar, deiteime e quedei durmido. Espertei cedo e marchei outra vez. Os gardas atopáronme, pero desta ceibaron uns cans enormes que me perseguiron dúas horas. Á fin logrei despistalos e agacheime nun rocho abandonado. Ao entrar topeime a Bobi sangrando e coa chaqueta esgazada. Pregunteille que lle pasara e contestoume que estivo toda a noite escapando dun garda chamado Eloi e da axente Aida, que levaban cans adestrados.

Quedei no rocho o resto do día e ao cerrar a noite saímos os dous. Fomos ao refuxio, comemos algo e bebemos. Ao acabar, Bobi díxome que hoxe viña canda min.

Había néboa e non se vía con claridade, comezaba a orballar. Ao chegar á ponte da Regada detivenme, algo se movía. No o recoñecía, era algo que nunca vira: pequeno e negro, foi o que logrei ver antes de que desaparecese sen deixar rastro. Chegamos á palleira e quedamos durmidos ao dereito.

Erguinme raro, estaba nervioso, presentía algo. Bobión xa se espertara e díxome: xa levamos tres noites fóra da casa e as cousas pónense difíciles, o que vin onte na ponte...

- Non che gustou, pero non te vas botar atrás, ou? non fagas como Pendello que é un mexericas. Nós temos peito e aguantaremos cinco noites, e o que marche an-

tes, débelle ao outro 100 euros. De acordo? Apertámonos a man e cerrouse o trato, puxémonos a andar e botamos o día de touza en touza escondéndonos. Ao vir a tardiña botouse a tronada e escureceu todo.

Saímos do escondedoiro e pasamos a Sabuxeira, o Carballo, os Monteiros, o Soutiño e por fin chegamos á ponte de Alverde, cruzámola e pola carballeira oíase o rozar de algo nas follas secas. Detivémonos ao pé dunha pena e de súpeto atacáronnos io ser da outra noite! Dirixiuse a min e empurroume. Eu caín contra un penedo e perdín o coñecemento.

Espertei nunha cama todo suado. O primeiro que fixen foi chamar por Bobi, pero non contestou. Abriuse a porta e apareceu un médico que mo contou todo, atopáranme os gardas na carballeira inconsciente e o meu amigo descuartizado. Pero os cortes do seu corpo eran tan limpos que máis ben parecía que escachara.

- E Pendello onde está?

- Está no enterro do teu compañeiro de fuga. E outra cousa, o resto do instituto decidiu seguir o voso exemplo e darse á fuga. Podedes estar orgullosos!

Dende aquela, nunca máis se me ocorreu volver ÁS

DE
MA-
NEL
FRAN-
PABLO
SB

